

FARO DA CULTURA

n.º 196 • Xoves, 22 de febreiro de 2007

Coordina: Xosé Ramón Pena



Unha grande exposición sobre Pablo Picasso estase a celebrar no Palazzo Grassi de Venecia. A mostra trata da relación do artista co mar Mediterráneo e recolle un fermoso conxunto de obras realizadas polo creador malagueño nos anos corenta do século pasado. Daquela Picasso pasaba longas tempadas na Costa Azul, así que Niza, Cannes e a preciosa vila de Juan le Pines xunto a Antibes, pasaron a ocupar un lugar preeminente no universo do pintor.

Naqueles días a desbordante paixón pola arte do xenio estaba enriquecida por unha gran paixón sentimental, pois compartía unha relación amorosa con Françoise Gilot. Como recordo gráfico daqueles anos queda, entre outras, unha imaxe que simboliza a desbordante alegría de vivir da parella na que aparece retratado, a modo de estandarte do amor, un gran parasol levado por Pablo Picasso baixo o que camiña en contraposto unha leda Françoise Gilot no medio dunha praia na Côte d'Azur. Esta fotografía funciona como un resumo biográfico e artístico da formidable ledicia de Picasso, o máis grande artista moderno, quen no cénit da súa celebridade como creador reinicia o camiño amoroso baixo o sol cegador do sur de Francia. Froito da relación nacerán o fillo Claude e a célebre filla Paloma. Ademais foron anos de incesante produción pictórica e de cerámicas na localidade de Vallauris, onde Picasso ía non soamente decorar as tradicionais pezas feitas polos alfareiros da zona, senón que realizaba nelas intervencións trocando as formas dos xeros e cuncas, vasos e pratos até convertelos en mulleres, homes, seres mitolóxicos como faunos, bacantes e centauros. Eran anos, pois, nos que as típicas casas-atelier picasianas estaban bañadas polo sol, as artes e coroadas pola fertilidade. Eran os anos da Joie de vivre título que recibe a vixente exposición veneciana, que pode visitarse ate o 11 de marzo.

Eran moitos os visitantes e amigos que frecuentaban

aos Picasso naqueles anos; entre outros estaba o conservador do Castello Grimaldi, Romuald Dor de la Souchère, quen apreciaba moito a arte do malagueño

Picasso Mediterráneo

ROMÁN PADÍN OTERO

e por medio de quen lle foi ofrecida ao artista esa fortaleza en Antibes para que lle servira como estudio onde realizar una longa serie de cadros e debuxos inspirados

nos tesouros da civilización mediterránea. Estes tesoros de la mediterrané escondían entre cunchas e cabaliños de mar as célebres iconas de Picasso como son as dos faunos tocando a frauta, as bacanaís, as grandes bañistas, os danzantes e toda unha heteroxénea ficción de personaxes contemporáneos ou mitolóxicos tan ricos en matices como o argumento dunha nova *Eneida*. Outro amigo da época o fotógrafo Michel Sima immortalizou as xornadas de Picasso traballando no castelo dende a mañanciña deica o solpor.

Eses cadros e fotografías do Museo Picasso de Antibes e outros moitos procedentes de diversas coleccións son os que na actualidade se exhiben no Palazzo Grassi Veneciano. As obras de Picasso son coñecidas en todo o mundo, moitos coñecen quizais o Museo de Antibes un dos máis fermosos enderezos da arte que se podan visitar. A fortaleza construída en pedra elévase ingravida a carón dunhas rochas sobre un inmenso mar azul que vemos a través dunha pequena fiestra no piso segundo do museo, e cando ollamos para o interior alí estarán os enormes paneis de Picasso iluminados por unas coquetas lámpadas de cristal barroco. Pois ben; se ese edificio é maxestoso, non menos espléndido é o Palazzo Grassi en Venecia, un museo que fora restaurado pola arquitecta Gae Aulenti nos anos oitenta, agora reaberto polo empresario François Pinault para continuar o seu obxectivo de aloxar exposicións internacionais inesquecibles. Picasso, grande afeccionado ás mansións, cando mercou o castelo de Vauvernaques telefonou a Matisse e díxolle: "Henri, veño de mercar o Mont Saint Victoire". Ao que Matisse lle respondeu pensando nunha das versións do cadro de Cezanne: "Ah, si? Cal deles?. E Picasso responde: "O monte verdadeiro, o real!" Tras do monte estaba un dos castelos que Picasso habitou. De certo que este novo palacio serenísimo tería sido moi do gusto do xenio, trátase dun emprazamento idóneo para visitar con elegancia a este gran artista español. Viva Picasso!

Joi de vivre



* ENTREVISTA CON CARLOS NEIRA,
DIRECTOR DE NUT TEATRO/ Páx. III

* EXPOSICIÓN: AS "INTERFERENCIAS"
DE CAXIGUEIRO / Páx. VI

* RITMOS D'OS GUEZOS: FOLC
OURENSÁN DE AGORA MESMO / Páx. VIII



Desde a cantidade á calidade

CARLOS VARELA TOBÍO

Corría o ano 1872 cando, á conser-vadora e clerical Compostela, chegaba Augusto González de Linares (Cantabria, 1845-1904) para ocupar a cátedra de Ampliación de Historia Natural da Universidade. Home moi ligado á Institución Libre de Enseñanza, dedicou gran parte da súa vida a difundir o darwinismo, incluíndo por primeira vez a Teoría da Evolución na súa disciplina universitaria. Os membros progresistas da Academia Escolar de Medicina invitarono, ese mesmo

ano, a explicar no Salón Artesoado de Fonseca as teses de Darwin o que levou consigo á mobilización das forzas máis reaccionarias da cidade. Así pois, clero, profesorado ultraconservador e, como non!, os progresistas ateigaban Fonseca, que resultou insuficiente para dar cabida ao público asistente.

As novas correntes científicas da Europa da segunda metade do XIX chegan ao Estado espa-

Marx e Engels, se ben que adoptando tamén unha posición crítica, toda vez que Darwin non tiña un punto de vista filosófico definido. De feito, nesa perspectiva foi caer baixo a influencia da ideoloxía dominante da época (Adam Smith, Malthus,...) aplicando o cambio lento e ordenado do liberalismo á natureza (gradualismo). Para o materialismo dialéctico, (ver: "No Big Bang" en FARO DA CULTURA do 20-04-06 e do 04-05-06) na natureza nada permanece constante, todo está nun estado perpetuo de transformación e cambio; pequenas mudanzas poden dar lugar nun momento crítico a grandes transformacións. Estamos diante da lei de transformación da cantidade en calidade establecida polos antigos filósofos gregos e desenvolvida por Hegel. Marx e Engels dotárona de bases científicas materialistas; nos últimos anos recibiu a súa confirmación na chamada Teoría do Caos.

Das recentes investigacións sobre o rexistro fósil tiramos que a evolución non é un proceso gradual. Pola contra, trátase dun proceso a saltos, onde alternan longos períodos de estabilidade con curtos espazos de cambio, sendo precisamente o que propoñen Gould (Universidade de Harvard) e Eldredge (Museo de Historia Natural dos EEUU) na súa teoría da evolución chamada dos "equilibrios puntuados", achegándose así ao materialismo dialéctico que eles mesmos recoñecen.

Actualidade de Darwin

ñol no período aperturista iniciado en 1868; seguen logo coa proclamación da 1ª República e rematan en 1874 co golpe de estado que leva á Restauración borbónica. En 1875, o ministro Orovio comunica aos reitores que queda suprimida a liberdade de cátedra, instándoo a tomar medidas contra o profesorado que se desvíe da ortodoxia católica e das ideas monárquicas; González de Linares, co voto de calidade do reitor Antonio Casares, foi expulsado da Universidade e confinado no castelo de S. Antón, d'A Coruña.

O darwinismo, pola súa concepción materialista da natureza –para alén de calquera intervención divina, o que explica a xenreira das forzas ultramontanas-, dando unha base científica á evolución, foi ben recibido por

Pero Gould afirma que a evolución non xera progreso. O seu rexeitamento de tal dentro da evolución é froito de razóns sociais e políticas; xa que logo, foi usado para xustificar o racismo e mais o imperialismo. Velá as súas palabras: "O progreso non é intrínseca e loxicamente nocivo; é nocivo no contexto das tradicións culturais occidentais". A palabra "progreso" non é, pois, a máis axeitada, debemos substituíla por "complexidade" e preguntarnos: Podemos negar que existiu un desenvolvemento real nos organismos vivos desde os primeiros seres unicelulares até agora?. Pensemos, por exemplo, que a diferenza xenética entre humanos e chimpancés é inferior ao 2%, pero... que diferenza!; estamos perante do salto dialéctico que transforma a cantidade en calidade. O miolo do pensamento dialéctico non está baseado na idea do cambio e do movemento, senón que interpreta eses fenómenos xurdidos de contradicións.

Dialéctica e Bioloxía

Stephen J. Gould (New York; 1941-2002), coñecido paleontólogo e incansábel divulgador da ciencia, foi profesor de Harvard e gran defensor do darwinismo, pero rexeitando o seu gradualismo. Conxuntamente con Eldredge, Gould propuxo a teoría dos "equilibrios puntuados". Asemade, sempre estivo nas grandes discusións relacionadas co evolucionismo, criticando o determinismo biolóxico; a súa polémica co zoólogo Dawkins, autor do Xene Egoísta, fai época. Estamos diante dun loitador, pois, contra as teorías racistas que pretenden perpetuar as desigualdades sociais no seo da humanidade, considerando que son consecuencia da inferioridade innata de determinados grupos sociais. Inimigo de que a Biblia sexa obrigatoria nas escolas dos EEUU en pé de igualdade co darwinismo, Gould desenmascarou ao xesuíta Teilhard de Chardin que axudou a falsificar o Home de Piltdown con ósos de chimpancé. Pero, tamén hai que dicilo, nunca foi moi claro no conflito Ciencia-Relixión

A última obra súa (máis de 1400 páxinas), publicada pouco antes de morrer, é The Structure of Evolutionary Theory onde estuda o darwinismo e a nova visión da evolución. Moitos dos seus libros están traducidos ao castelán (para cando en galego!?) pola "Biblioteca de Bolsillo" da Editorial Crítica, sendo o máis coñecido Opulgar do panda. Cos de Gould, outros libros moi recomendábeis son tamén os do grande especialista en xenética de poboacións R. C. Lewontin, nado en New York en 1929 e tamén profesor de Harvard. É coautor da obra The Dialectical Biologist, dedicada a Engels, onde aplica o materialismo dialéctico á bioloxía. Ten, igualmente, varios volumes traducidos ao castelán e en galego contamos xa con: A doutrina do ADN, A Bioloxía como Ideoloxía e A quimera do Xenoma Humano, editados por Laiovento.

ENTREVISTA

Espectáculo que mestura a performance, o teatro, a danza e o audiovisual... que máis é *Corpos Disidentes*?

-Partindo de tres conceptos, que son os de construción, reconstrución e deconstrución, o que plantexamos en *Corpos Disidentes* é unha reflexión sobre a identidade e sobre os límites entre a identidade e o corpo, a partir sempre dunha perspectiva feminina, porque as catro persoas que actúan no espectáculo son catro mulleres.

-Ese elenco, integramente feminino, está formado por Andrea Pino, Nerea Barros, Xiana López e Iria Sobrado. Que foi antes, a obra ou a elección das actrices?

-Aínda que xa hai tempo que remataron a súa formación, as catro actrices formáronse connigo e entre todos decidimos facer unha compañía. A partir de aí comezamos ver o que desexabamos e sobre que queríamos tra-

- Como profesor na escola *Espacio Aberto*, Vde. utiliza un método no que deixa moita liberdade aos actores. Cales son, entón, as súas funcións como director?

-Eu parto da base de que os actores non son marionetas de ningún director; son creadores, ao igual que este. Cando nós comezamos a traballar, buscamos, documentámonos e, a partir de aí, comezamos os cinco a crear o espectáculo baixo a miña dirección, porque as actrices son creadoras, son artistas. Así é como me gusta traballar e como vou seguir traballando. É dicir; non veño cunha idea preconcebida, plantéxanse as propostas e empezamos a desenvolverlas entre todos.

- Na actualidade está a concibir unha evolución do actual proxecto didáctico de *Espacio Aberto*. Pode adiantar algo deste traballo?

-Aínda estou a estudalo e non o teño tan maduro como para fa-

larche moito del, pero o que quero é adaptar a miña maneira de traballar ás necesidades do teatro hoxe, que non son as mesmas que hai quince anos. Considero que o teatro, a formación teatral, ten que ser algo moi vivo e moi apegado ao momento que estamos vivindo e, nese sentido, estou a deliñar cousas que aínda non se materializaron, pero nas que estou traballando para comezar a incorporalas o ano que vén.

- Que prioridades son esas que ten o teatro agora?

-Ata hai uns anos, o método de traballo que máis se coñecía era o Método das Accións Físicas de Stanislavsky, que cubría unha parte das necesidades do actor en escena. Pero os tempos cambiaron e as necesidades son outras, porque a sociedade tamén cambia e evoluciona e hai que abrir outros camiños. O teatro xa non é un compartimento estanco como sucedía hai tempo, cada vez "contamina-

se" máis doutras disciplinas e é moi importante abriro a elas. Polo tanto, dende o punto de vista da formación do actor, tamén é preciso focalo dende aí.

- Nut Teatro creouse en maio de 2006, e as actrices que o forman xunto con Vde. formáronse, como ben dixos antes, en *Espacio Aberto*. Crear esta compañía era unha evolución lóxica do labor que estaban a facer na escola?

-Aínda que a compañía non está vinculada á escola, é independente, evidentemente si que é unha evolución lóxica do labor que eu levaba facendo como profesor.

- Para poñer en marcha *Corpos Disidentes* contaron cunha subvención do IGAEM. Que papel teñen que xogar os organismos públicos no eido teatral?

-Un papel fundamental, porque se non hai axudas, non pode haber teatro. Son absolutamente neces-

rias, porque o teatro é cultura, e a cultura ten que estar apoiada.

- Ademais de *Corpos Disidentes*, veñen de estrear na Sala Nasa de Santiago de Compostela *4:48 Psicose*. Como é este novo proxecto?

- *4:48 Psicose* é o último texto de Sarah Kane antes de suicidarse. É, digamos, a crónica de como chega ao suicidio. É un texto dos nosos días, dunha autora que traballa moito dende o contemporáneo. É dicir; a súa obra resulta contemporánea non porque se faga neste momento, senón por como concibe os textos, como autora enxerga o teatro. E facemos un plantexamento do espectáculo moi diferente ao de *Corpos Disidentes*. En *Corpos Disidentes* mesturamos diferentes disciplinas e neste non existe tal mestura; non hai nin sequera luz, non se rexistra practicamente escenografía, non se escoita son, non temos audiovisual. Só permanece o texto da autora e o traballo actoral, máis nada.



ELI REGUEIRA

ballar. Polo tanto, primeiro foi a creación da compañía con estas actrices, aínda que en posteriores traballos se incorporará, con toda certeza, algún home.

- Están a representar a obra dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios. Como foi a acollida por parte do público, habida conta que *Corpos Disidentes* bebe do ciberfeminismo, do cyborg, do Bitch Mutant Manifest de VNS Matrix... movementos cos que moita xente pode non estar familiarizada?

-De momento, a acollida vén sendo moi boa. Á xente resúltalle novidoso, pero non por iso o rexeita; todo o contrario, o público ten necesidade de cousas novas, de que se lle plantexen outros códigos de traballo. Son cousas que, aparentemente, non están no debate, pero iso non é certo. A xente entende perfectamente o que estamos a facer e sobre o que estamos a traballar.

Carlos Neira

“O teatro xa non é un compartimento estanco”

*Fundada hai menos dun ano, a compañía Nut Teatro está a representar, baixo a dirección de Carlos Neira, os espectáculos *Corpos Disidentes* e *4:48 Psicose*: dúas formas de pór en escena os conceptos de innovación, experimentación e fusión de disciplinas sobre os que traballa o teatro contemporáneo*

NATALIA ÁLVAREZ

- Ese traballo actoral corre a cargo de Vde. e de Arantza González Villar. Como se enfrenta ao labor de actor, en contraposición á súa traxectoria de director?

-Estar dentro e fóra é un pouco complicado, pero tamén é certo que o peso actoral o leva Arantza, porque o texto é practicamente a voz da muller, de Sarah Kane. Eu fago o personaxe de psiquiatra e o seu labor é máis ben escoitar, aínda que estou todo o tempo en escena.

- Non é unha loucura simultanear dous espectáculos? Supón un grande esforzo pola súa parte...

-Si, pero o traballo creativo, o teatro, ten moito de loucura nese sentido. Ponte ao límite estar traballando nun e noutro sitio, pero a min gústame ese ritmo. Non conleva un grande esforzo, e lévase bastante ben.

Trópico, Trópico

Henry Miller, do que Galaxia vén de traducir ao galego *Trópico de Cáncer*, foi un deses escritores que, posiblemente sen ter esa intención, máis contribuíron ao triunfo da liberdade de expresión na literatura e á diferenciación entre xuízos morais e estéticos. O seu carimbo vitalista, anarcoide e erótico desencadeou non poucas polémicas e censuras, pero así mesmo contribuíu de xeito decisivo a que o sexo se tratara con naturalidade na literatura.

Trópico de Cáncer foi escrita no medio dun caos absoluto, empantanado o escritor nun lamazal de ideas, emocións e experiencias. O resultado, non é un libro no significado común do termo, senón unha inxuria, unha calumnia, unha difamación... unha aldraxe sostida, un lapo de cuspe na cara da Arte. A novela ten a París como escenario xeográfico e vital. Miller adaptación perfectamente na capital francesa e convértese en parte integrante da degradación urbana, da mesta ringleira de marxinados que enchen os hotéis ruinosos e os aloxamentos por horas das prostitutas.

O caos existencial de Miller

FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS



A novela segue un desenvolvemento narrativo caótico; non existe na mes-

ma unha trama precisa, senón unha serie de situacións, encontrados esporádicos que levan dunha aventura a outra ao escritor que asume unha actitude pasiva con relación ao que acontece. Miller érguese realmente por enriba de calquera prexuízo social ou moral e semella atado inexorablemente aos elementos eticamente desagradables da existencia humana.

É obvio que *Trópico de Cáncer* non se axusta ás expectativas do feminismo. O autor que achou os camiños para

os creadores de literatura erótica, considera as mulleres, quizais coa soa excepción de Tania, instrumentos para obter pracer. Mais isto non debería impedirnos percibir que os personaxes femininos en *Trópico de Cáncer* posúen un valor protagónico e, sen eles, sería imposible entender cabalmente esta obra autobiográfica, catártica, expresionista e sensorial. Tamén semella claro que hoxe en día o texto de Miller non di nada novo que non se teña dito ou visto no cine, nos cómics, na narrativa. Con todo, non é unha perda de tempo a súa tradución a nosa lingua, xa que os "melindres" de Henry Miller seguen a ser clásicos dentro da literatura erótica e, xa que logo, son alicerces imprescindibles dunha lingua e dunha cultura que contende por acadar un grao aceptable de madurez. *Trópico de Cáncer*, xunto con outras obras clásicas que están sendo traducidas ao galego, malia que sexan pouco lidas, son os mananciais de reserva da nosa lingua. Eles forman tamén o noso substrato cultural.

MILLER, Henry, *Trópico de Cáncer* (trad. Xurxo Borrazás), Ed. Galaxia, Vigo, 2006, 302 páxinas

Darse a palabra

Intensidade lírica

ROMÁN RAÑA

Despois dalgúns anos de silencio poético na nosa lingua, Arcadio López Casanova vén despregando ultimamente un renacer da súa inspiración, primeiro gañando o Premio de Poesía Caixanova do Pen Clube de Galiza con *Herdo do canto* e, agora, publicando este breve pero intenso poemario, *Dicir unha razón*, que leva por subtítulo "Varia silva de proverbios, ditados e glosas." Cun prólogo de Armando Requeixo, o pequeno volume divídese en cinco seccións. As catro primeiras son as máis curtas do conxunto, pois conteñen un só poema ou unha soa sucesión de poemas, que máis ben son máximas poéticas, xuízos cavilacións de recollimento arredor do dubidoso oficio da escrita. Oficio de tebras e de luminarias, indistintamente. A primeira delas, "Do poeta", reflexiona acerca da tarefa creadora do artista: "Razón de poeta:/o eterno devezo/de soñar un rostro/no embaçado espello."


Sorprende a utilización, ao longo do libro, do verso hexasílabo con rima asoante, o que emparenta estas estrofas coa lírica popular e nos lembra o caudaloso fluír dunha Rosalía de Castro.

A segunda sección, "Do poema", escudriña os mecanismos ocultos que conforman ese estraño modo de dicir as cousas que chamamos poema: "Á luz do poema, /eu do labirinto/ dende o escuro espella". A terceira parte, "Da creación", expón a realidade de vivir nos pronomes, de procurar nas fisgoas, nos intersticios das cousas, o que habita no interior das persoas, o sentimento que se fai palabra, que se converte en verso, que dá razón de todas as cousas: "Entre o calar e o dicir/está o que máis importa."

Na cuarta sección, "Dicires e ditados", atopamos cordiais advertencias contra os máis diversos desvíos e erros estéticos (seguir os obedientes ditados da moda, non ser auténticos, etc.) que poden malograr un escritor.

Na última parte do libro, "Glosas", que leva por subtítulo "no dicir das voces que fan compañía", asistimos a un extenso elenco de poetas homenaxeados, sempre desde a admiración e desde a emoción, dous alicerces para edificar unha boa obra. Clásicos e contemporáneos danse a man ou, mellor, danse a palabra para confirmar que a poesía é a única raíz que nos une e nos asiste en tempos de zozobra.

LÓPEZ-CASANOVA, Arcadio, *Dicir unha razón*, Ed. Follas Novas, Santiago, 2006, 88 páxinas



Memoria da Guerrilla

Antifranquismo armado

LUCÍA SEOANE

Dentro da serie "Documentos" e, á súa vez, inserido na procura arreo por recuperar a nosa memoria histórica máis recente, Edicións do Castro vén de publicar o traballo da autoría de Francisco Javier Redondo Abad, titulado, precisamente, *Botarse ao monte. Censo de Guerrilleiros Antifranquistas en Galiza (1939-1965)*.

Cómpre sinalar que F.X. Redondo Abal (Pontevedra, 1964) é licenciado en Xeografía e Historia e que desde a década dos noventa do pasado século está a exercer como bibliotecario na Facultade de Filoxía da Universidade de Santiago de Compostela asemade que é autor de diversos traballos arredor da súa actividade profesional así como outros na mesma liña que o presente: *Galegos no inferno: Manthausen 60 anos despois*; *Cando a Torre de*



Homenaxe era un cárcere, etc No ano 2005 apareceu da súa man

o volume titulado *Percorrendo a catástrofe: unha achega biliográfica ao Prestige*.

Nomes, alcumes, agrupacións, destacamentos... Ao longo das páxinas do volume que hoxe traemos, xorden a vida e mais os feitos de trescentos sesenta e cinco homes e mulleres cuxa loita antifranquista se desenvolveu nos anos máis duros da ditadura e no medio e medio dunha situación adversa na que as dificultades de todo tipo se sumaban para impedir que o seu labor de combate chegase a bo porto.

O libro ábrese cun limiar do profesor Bernador Máiz e segue logo cos apartados, xa da man do autor, referidos a "Contra o esquecemento,

pola memoria histórica"; "Xustificación" e "O contexto: represión e fuxida" para de seguido entrar na "Periodización da guerrilla en Galiza" e adentrarse xa no censo de guerrilleiros que loitaron nos montes e vales do noso país. "Documentos da guerrilla" é o título do seguinte capítulo onde se recollen materiais de primeira man: panfletos, oitavillas, proclamas, cartas... para dar paso aos anexos nos que podemos saber das orixes, militancia... de cada un dos guerrilleiros que aparecen citados nas páxinas do volume.

Estamos, pois, diante dun traballo importante, por cando a partir de estudos como o presente será posible establecermos a verdade do que aconteceu naqueles anos escuros. Sabermos da verdade dos procesos, das traicións e lealdades, do que é mito e do que pertence á historia real. En fin, coñecer a nosa historia que vén ser como coñecemos sempre mellor a nós mesmos.

REDONDO ABAD, Francisco, *Botarse ao monte*, Ed. do Castro, Sada, 2006, 232 páxinas

LIBROS

Da maxia redentora

O ceo non é humano en absoluto, e unha persoa que pensa tampouco o é, non porque non queira, senón porque vai contra o sentido común". Así reflexiona HaÅt'a, o protagonista desta inesquecible historia de amor cos libros, logo de 35 anos dedicado a "destruílos por oficio e a salvalos por paixón". HaÅt'a é un insignificante obreiro nunha prensa de papel vello; día tras día cae ao noxento soto onde el traballa, sen máis compañía que os ratos e os pensamentos que flúen, unha morea de páxinas destinadas ao matadoiro que el, "tenro carniceiro", non pode evitar ler. Porque o desleixado HaÅt'a le para ficar esperto, para aprender algo so -

Decadencia da letra escrita

✿ DOLORES MARTÍNEZ TORRES

creadas como obxectos únicos, plenos de significado e de cariño: no centro, precisa como a alma inmortal, coloca algunha obra dos mellores clásicos; arredor, de precioso envoltorio, láminas dalgún admirable pintor. Cando se retire, pensa com-

fronte á desgraza, que se lle meten na roupa e que coma el, se alimentan de letras-; e ás veces, aínda que sen rencor, recela a súa vinganza. Na casa garda toneladas de libros medio podres, rescatados da prensa: sobre o retrete, sobre a cama... Bastaría un berro en soños e ese "baldaquino que soporta quilómetros de texto" esmagaría a el. Mais non serán os libros nin os ratos quen finalmente traizoen a HaÅt'a, senón a inexorable marcha dun mundo exterior que vai en contra das leis da lóxica e da ética, onde o produto prima sobre a arte, onde os libros morren en salas luminosas e ventiladas, "sen que unha páxina enzoufe os ollos, o cerebro nin o corazón de ninguén", e son manexados por xóvenes con luvas, bebedores de leite, que logo van de vacacións a Grecia. Quen lle dera a HaÅt'a, pobre Sísifo, ir con eles e falarlles do suicidio e do helenismo! Pero, a el, en cambio, van destinalo a un almacén de papel en branco. Incapaz de resignarse, preferirá converterse en "alguén do que se escriben libros", o lector sumido por sempre na lectura e co libro feito carne, disposto para a viaxe ao centro do paraíso.

Hrabal, un dos pilares da literatura checa, traballador eventual, el mesmo, nunha prensa, sentía gran aprezo por esta novela, publicada por primeira vez en 1977. Nela asistimos á decadencia da letra escrita, convertida en refugallo da sociedade de consumo; ao tempo, a traxedia do protagonista, o artista que acaba por crearse na súa propia aniquilación, non deixa de ser un un relampo de esperanza fronte á nada e o baleiro: a beleza do seu espírito diáfano, baixo a carnalidade máis escatológica, ilumina o horror con maxia redentora. Xa el o dicía: á Eternidade e ao Infinito gústalles a xente así.

HRABAL, *Bohumil, Unha soidade demasiado ruidosa* (trad. Fernando de Castro García), Ed. Rinoceronte, Cangas, 2006, 102 páxinas

prar a prensa e chantala no xardín; o mesmo que o seu tío, vello ferroviario, tén unha locomotora que pon en marcha para alegría de nenos e xubilados. Así, mentres pasan os días e o seu xefe o ameaza, desesperado pola súa lentitude, el aprende e medita sobre a vida e a morte, sobre o regreso ás orixes e o avance cara ao mañá; recorda vellos amores, tristes e alegres rapazas, e vai do soto á taberna e da taberna ao soto, sempre só e a gozar do bulicioso silencio. Xunto co papel vello, HaÅt'a destrúe xeracións enteiras de ratos -eses ratos que chían, xoguetóns, sempre de bo humor

bre si mesmo; zuga nas frases como nun caramelo, bica as palabras máis fermosas e, para penetrar mellor na alma dos libros, no corazón da verdade, trasega sen cesar xerras e xerras de cervexa de Praga. Culto ao seu pesar, involuntario teólogo nun forno crematorio, HaÅt'a tamén é un peculiar artista. As balas de papel que introduce na prensa están

A palabra, esa forza

Con concentración efectiva


✿ RAMÓN NICOLÁS

Tras as propostas iniciais de Camilo Franco como narrador cifradas n'A lúa no cémit... e En malos pasos, hai catro anos ofrecíanos *Por conto alleo*, onde o autor afincaba a súa proposta -daquela novidosa- na relación entre a rede e a propia creación literaria, retroalimentando tematicamente un monllo de relatos a partir das propostas que partían dos propios lectores. Entende sempre, ou así o creo, e este *Palabras contadas* que nos ocupa así o testemuña, o narrador e xornalista ourensán a creación narrativa como un proceso no que non debe faltar o factor sorpresa, mesmo aqueloutro factor que estreita lazos con propostas audaces e nunca transitadas, que asuman novos retos e desafíos. Nesta ocasión Camilo Franco, cun título homónimo ao do libro, estreou na Fundación Luís Seoane da Coruña unha exposición que forma parte do Proxecto Edición, e que pasará tanto polo Centro Galego de Arte Contemporánea como polo Marco vigués; exposición na que o obxectivo é o de suscitar a lectura a través dalgúns textos incluídos nesta colectánea, digámolo xa, maioritariamente composta por relatos ou minirelatos nos que se interna no mundo dos sentimentos, da violencia, da memoria, do poder, das convencións sociais, da morte, da guerra ou do sexo entre outros moitos asuntos, algúns seica biográficos, xogando, en tantas ocasións, con títulos, versos ou textos que recicla, deforma ou caricaturiza para lograr o efecto desexado.

Con este propósito, se se quer de carácter multidisciplinar e multicomunicativo, sen traizoar o axioma de que "a polisemia é máis importante que a extensión" e que el defende, ofrece nestas *Palabras contadas* un compacto conxunto de textos nos que non traizo a querencia pola contención, se se quer polo anti-barroquismo narrativo. Desde textos extraordinariamente concisos, case que ao xeito dos aforismos diestianos, viaxamos por "construtios" que non van máis aló de dous, tres ou catro párrafos, fóra de trinta argumentos novelísticos e mais un conxunto de cinco relatos finais que ocupan un espazo maior. Nos máis deles Camilo Franco deita, e teño para min que talvez sexa isto o máis característico e ao tempo

máis atractivo da súa pluma, unha ollada sempre paródica, irónica, enxeñosa, transgresora, por veces mesmo cruel e sarcástica respecto dos mundos que vai creando sempre desde esa atalaia dominada polo espírito observador, conducidas polo risco de aparente velocidade, mais teño para min que milimetricamente

xe, se a voz narrativa ha dominar a economía descriptiva, se se ha presentar unha estrutura sinxela que permita acceder á dimensión da suxestión lostregueante e da concentración estilística é unha verdade palmaria que Camilo Franco o consegue, non sei ben se na totalidade destes proposta, mais si nunha esmagante maioría.



calculado e, cando así cómpre, gobernado por un afán dominado por un arrecendo reivindicativo e sempre sedutor que tanto subverte a lóxica argumental, como resolve o relato nun pinchacarneiro inesperado ou mesmo obrioga a que o lector repose nunha conclusión, se non explícita, si implícita mais nunca moralizante; pero sempre reflexiva e á que un chega debuxando un medio sorriso na boca.

Se as imaxes neste tipo de relatos han ter iso que se denomina intensidade efectiva, se a tensión ten que pender dun único ei-

Percorre un camiño o autor no que non é doado saír airoso. Precedentes como Castela, Dieste, Neira Vilas entre outros na nosa tradición tamén transitaron estas vereas con fortuna. As mesmas que Camilo Franco sabe tripar estes días.

FRANCO, Camilo, *Palabras contadas*, Ed. Xerais, Vigo, 2006, 173 páxinas

Caxigueiro (Mondoñedo, 1954) expón desde o día 9 de febreiro e até o 3 de marzo na galería viguesa PM8 unha selección da súa obra dos últimos quince anos só o título de *Interferencias*. Estamos diante da súa primeira exposición individual en Vigo, tras cinco anos de ausencia das nosas galerías.

O escultor mindoniense é un dos creadores que participaron na eclosión da escultura galega nos anos oitenta –no seu caso sobre todo a finais da década-. Unha renovación que, como acontece tamén na pintura, se producira da man dun conxunto de artistas innovadores que axudan a desenvol-



o seu traballo-, e que, con variacións xa foi exposta desde os anos noventa. Caxigueiro elabora esta obra por medio dunha estrutura

que combina gres, ferro e madeira como elemento expresivo fundamental, dotando o conxunto dunha intensa teatralidade, cre-

ando con estes medios expresivos un auténtico pranto, xa que as pezas de gres conforman unha especie de máscaras. Caxigueiro nesta peza liga a tradición ceramística coa escultórica, cunha escenografía marcadamente barroca e expresionista, á que ten recorrido noutras ocasións e na que o título ten un valor definidor, en certo sentido funciona como un esteo máis que afirma a intencionalidade ética do proxecto escultórico, aspecto este último fundamental en toda a súa produción.

No resto dos traballos presentes, o mindoniense amosa obras nas que as referencias son moi diversas, sempre coa materia e a súa capacidade de suxestión como pun-



FOTOS: ELI REGUEIRA

ver un novo ambiente artístico, do que vai xurdir a nova arte galega.

Trátase no seu caso, o mesmo que no que respecta á obra doutros escultores galegos da súa xeración, dunha aposta decidida pola modernidade, que reivindica a tradición, mais evidentemente posta ao día no formal e o temático. A obra de Caxigueiro é parte dun movemento que dá froitos óptimos na obra dun conxunto de escultores moi diversos.

A obra de Caxigueiro ten un sentido que afunde as súas raíces na tradición popular galega, coa olaría e o traballo ceramístico como referentes indiscutíbeis, pero que combina esta fidelidade ao material con influencias que proceden do minimalismo e do expresionismo. Nesta nova presenza do escultor en Vigo, na galería PM8, o noso artista ofrece esculturas de diversos formatos e unha serie de fotografías, a serie “Bodegóns”, salientando pola súa espectacularidade a peza O bosque das ausencias, unha auténtica instalación –un dos eixos que vertebran

Quen coñeza a traxectoria do noso escultor poderá percibir en exemplos presentes nesta mostra a constante evolución da súa obra, que lonxe de ancorarse na altura inicial dos anos oitenta, cando consegue unha particular expresividade de enorme forza, segue a procurar novos vieiros. A obra de Caxigueiro, ao longo das súas diferentes “maneiras” sempre produce a sensación de que cada peza xorde dunha necesidade expresiva, de que nada é prescindíbel, vinculada en xeral a unha pulsión ética, a unha urxente vontade de comunicación, de transmisión da

súa visión e da súa situación no mundo. Diante de nós aparecen, pois, esculturas que transmiten diferentes olladas sobre o universo da violencia na

Denuncia social e cultural

sociedade actual. É este da violencia un tema recorrente na arte de todos os tempos, mais que na actualidade se converte en ineludíbel nunha sociedade como

a contemporánea na que asistimos á presenza de síntomas nítidos da ruína moral, social e cultural da condición humana, desde a guerra e a ruptura do respecto dos códigos internacionais, con tanto esforzo afianzados durante décadas, até o plano máis cotián e vivencial, no que se pode detectar os signos de caída que se manifestan nos diferentes planos, fracturada a cohesión social do mundo actual. O labor de Caxigueiro demostra que a denuncia social segue a ter sentido na arte, se vai unida a unha auténtica procura formal.

to de partida. Particularmente interesantes son as pequenas pezas expostas, nas que incorpora a palabra, a serie “A linguaxe da memoria”, que se conforman como un catálogo lingüístico que desde a memoria quere preservar a palabra galega, permanentemente acosada, que o artista afirma desde a memoria, a experiencia íntima e a vivencia infantil.

Pezas diversas, todas de grande forza expresiva completan a proposta, na que se repasan diversos momentos da traxectoria do artista dos últimos anos. Así podemos contemplar obras representativas das series que foron balizando a súa evolución: “Europa: Terapia puntual” (1992), “O bosque das ausencias” (1996), “A linguaxe da memoria” (1999), “O rapto da paisaxe” (2007). A elas súmanse unha serie de fotografías, a serie “Bodegóns” nas que se xoga con conceptos máis achegados á poesía visual que ao escultórico, aínda que se insiran nas mesmas ao xeito de naturezas mortas pezas tridimensionais do autor, que adquiren un sentido poético en contacto con diferentes obxectos.

Unha mostra de Caxigueiro

CARLOS L. BERNÁRDEZ

Memorias e Ausencias

Audaces Detectives

Tras a preceptiva presentación dos personaxes -Iuki, Bio, Marco e Pepe- comeza a vertixinosa sucesión de viñetas que conforman unha nova aventura dos Detectives audaces titulada *O Misterio da Casa Trampona*. Estes rapaces xa coñecidos no mundo do cómic voltan agora da man do seu creador, Josep María Beroy, a formar parte da colección "BD banda", dirixida por Kiko Dasilva e editada

Ingredientes do cómic

MARÍA NAVARRO

inspirado na parella cómica formada por Jack Lemmon e Walter Matthau -aquí Marco e Pepe- e na creación dun personaxe moi despótico -encarnado na rapaza Iuki- que supuxese un

contraste rico para a historia. O resultado é unha historia animada na que a harmónica combinación de debuxo e texto é capaz de transportar aos lectores a un mundo de ficción e diversión.

Ningún caso, por moi difícil que pareza, impide aos Detectives Audaces afrontar calquera investigación e nesta ocasión a Casa Trampona, da que din que é unha auténtica casa enmeigada, tampouco. Varias son as probas que deben superar para chegar a descubrir cal é o segredo que encerran as paredes da mansión que tanto horror ten causado aos seus habitantes e mesmo a xente da contorna.

Un gran monstro agárdaos na entrada, unha estancia chea de caveiras e bechos constitúe o seu primeiro contacto co interior da casa, unha metálica criatura maréaos un pouco, uns decorados que simulan vilas encantadas ou paraxes naturais do tempo dos dinosaurios son só algún dos obstáculos que deben vencer para descubrir que ou quen se esconde tras as paredes de tan terrible construción. E atando cabos, como soe suceder ás veces, conseguen unha vez máis colgar o cartel de "caso resolto".

O volume que contén os ingredientes básicos do cómic -historia atractiva, personaxes ben caracterizados, texto breve e conciso, colorido-complétase cunha entrevista ao autor, un curso acelerado de bd e unhas aventuras dos Detectives Audaces escritas por Toni Guiral e Josep María Polls no que constitúe unha interesante publicación.

BEROY, Josep María, *Detectives Audaces, O misterio da Casa Trampona*, Factoría K de Libros, Pontevedra, 2006, 60 páxinas

Misterios de Venecia

Gatos entre góndolas

PAULA FERNÁNDEZ

namorados. Mais á beira destas tamén atopamos outra sorte de historias cunha forte dose de fantasía como a que presenta un museo de mensaxes de mar, un gato que sempre fai soñar ou a que nos explica a orixe da teima, aínda

vixente na actualidade, dos gatos negros, iso si sen esquecer nunca ese ton misterioso que non abandona o discurso en ningún intre.

Mestúranse así diferentes compoñentes tales como a fantasía, inherente as máis das veces ao exercicio literario, o misterio, que consegue atrapar a atención de quen le, o gusto por lugares afastados e por aspectos da súa cultura, e mesmo unha guía de personaxes, lugares e termos citados á beira de aspectos tan necesitados de defensa na actualidade, e que os nenos destas idades comezan

As historias de misterio vinculadas a personaxes desaparecidos son sempre atractivas para os lectores e lectoras, e ese fio de misterio moitas veces ligado a lendas populares apaixona aos nenos e nenas que, xa chegados á fin do ensino primario, comezan abandonar as lecturas infantís dunha maneira voluntaria e ademais desexosos de que os adultos do redor entendan que ese troco tivo lugar. No intre deste abandono

procuran, as máis das veces, historias de misterio ou contos de medo mais, se cadra agora dun xeito inconsciente, escollen as de contidos máis suaves pois algunhas de seguro poderían perturbar os seus soños unha boa tempada.

Dentro destas historias misteriosas mais aptas para un público sensible atopamos esta colectánea de relatos de Xosé A. Neira Cruz. *Gatos e leóns*, un grupo de contos ambientados en Venecia, e centrados nas estrañas desaparicións dalgúns gatos senlleiros da cidade das góndolas.

Preséntase o espazo, Venecia, coma un lugar cheo de gatos que semellan vivir dun xeito semellante ao das persoas mais na meirande parte dos relatos os gatos protagonistas rematan por marchar ou desaparecer misteriosamente do lugar. Así coñecemos dentro destas historias de desaparecidos gatas de murano que desaparecen dos tesouros da cidade, centos de gatos que pasaron formar parte do vestiario de mulleres aristocráticas por un capricho estúpido de dúas delas, a marcha de dous gatos

MESTÚRANSE A FANTASÍA, O INCERTO E MAIS O AMOR POLOS ANIMAIS

x a entender e até criticar dunha maneira madura, como o amor e o respecto polos animais e o medio.

NEIRA CRUZ, Xosé A., *Gatos e leóns* (ilustr. Luis Castro), Ed. Planeta&Oxford, Barcelona, 2006, 139 páxinas



por Factoría K de Libros. Os rapaces, que farán as delicias dos lectores e que naceron hai xa anos no suplemento El pequeño país, ocupan xa un oco no panorama da Banda Deseñada. O seu silencio serviu, quizais, para madurar, medrar e mesmo actualizarse dende aquel proxecto

UNHA HISTORIA CAPAZ DE OFRECERNOS FICCIÓN E MAIS DIVERSIÓN ARREO

O pasado 20 de xaneiro celebrouse o FEO 07, Folc en Ourense, no magnífico Café Teatro Xesteira da cidade das Burgas, organizado por un monllo de guezos que pretendían achegar á cidade unhas sonoridades que case sempre atopan máis espazo nas vilas e aldeas que nas urbes do país. O festival xuntou sobre o escenario do antigo cine, agora redeseñado para dar acubillo a novas expresións artísticas, tres das formacións galegas de folc que máis están a soar nestes últimos meses. Acarón dos Cuchufellos de Manzaneda, -quizais Maceda de Trives de refugarmos o topónimo deturpado e seguir as indicacións do profesor Navaza-, e dos Guezos, actuou o grupo Pé de Boi, formado por músicos do Val do Ulla, que presentou o que xa é o seu terceiro traballo, *Ano de Brétema*, (2006), nunha andaina comezada xa no 1994 e que continúa malia os trocos no grupo e as novas incorporacións. A actuación da banda da Ulla encádrase na xira de presentación deste novo traballo que aínda os ha levar até A Coruña o vindeiro 6 de marzo para rematar en Vedra no festival "Río de Músicas" o 16 de marzo.

Mais os protagonistas do festival eran os propios organizadores, os Guezos, -palabra que designa no barallete os mocíños de doce, trece anos que entran na adolescencia-, que mentres van deixando esa época pola que moitos seguimos a devercer, están a se converter nunha formación contrastada e consolidada. Despois de ter pasado polos mellores locais da nosa xeografía, Clavi-cémbalo, Dzine, Auriense,...., e por un bo número de festi-vais

coma a Noite do Trasno de Beluso, -onde as Mozas e Mozos semella que van poder traseñar un ano máis-, o festival da Serra de Queixa, o Irmandiño de Moeche ou a Festa da Isteria en Ribadavia, o grupo posúe un directo cada vez máis potente e ben traballado, que co apoio dos seareiros que encheron a pista do café teatro rematou nunha festa onde a rumba e os recendos irlandeses se mesturaban cos ritmos máis de noso.

Malia ir incorporando amodo algún tema novo no seu repertorio, a estrutura básica do seu directo seguen a ser os temas de *Terradentro*, (2004), gravado e producido nos estudos Muu!! de Vigo, un monllo de boas cancións, que abalan da dozura do último corte do disco, "Muliña 03", de raigame tradicional, até a potencia dos cortes instrumentais, "Voces, víronte,..." nos que a a gaita ensarilla o seu son con múltiples instru-

mentos: frauta, violín, clarinete, nunhas melodías aceleradas sobre unha base próxima ao rock de baixo, batería e guitarra que rematan por ofrecer ao ouvinte argumentos abondos para tentar encadralos nese territorio de fronteira que lle chaman folc-rock. Impresión que se confirma nos temas cantados, con versión do "Whiskey in the jar" da banda irlandesa de rock Thin Lizzy incluída, e onde tamén cómpre salientar o tema que dá nome ao disco, posiblemente unha das mellores cancións escritas en galego nos últimos cinco anos.

Ritmos d'Os Guezos



DANIEL LAVESEDO

FOLC ourensán



Os Guezos están a piques de presentar novo disco, un traballo compilatorio onde haberá espazo para temas dos seus dous primeiros discos, e ademais para algunha gravación ao vivo e tamén algún tema novo, reflectindo en definitiva cal é o labor hoxe en día do grupo. Este novo traballo, que aínda non bautizaron será accesible na plataforma www.aregueifa.net, un netlabel, -web adicada a publicar e distribuír música e traballos sonoros en formato de audio dixital-, sen ánimo de lucro que se está a converter nun altofalante para as novas creacións, en diversos eidos artísticos, de moitos artistas galegos. Mais quen queira gozar da música destes nove mozos ourensáns ao vivo, poderá facelo doadamente neste comezo do ano 2007, pois logo da súa inclusión na Rede Galega de Música Ao Vivo patrocinada polo IGAEM son xa doce as datas pechadas pola banda para este primeiro semestre do ano, as máis próximas os vindeiros 3, na Rama-

llosa, Pontevedra, e 8 de marzo, na Coruña, para despois chegaren até Xinzo, Lugo, Vigo etc,...., e incluso dar o salto á televisión para participaren no programa Alalá, da TVG, gravado durante a festa dos Fachós en Castro Caldelas.

O peche do festival FEO 07 do pasado 20 de xaneiro estivo a cargo dos Cuchufellos de Manzaneda, banda de speed-folk, -como eles mesmos gustan de denominar ao seu estilo-, banda multicultural, con influencias musicais moi diversas, como o é a orixe dos seus membros, o que lle imprime un cuño novo á súa música, onde ten cabida

dende a música tradicional galega até a balcánica, cunha salientábel presenza e protagonismo dos instrumentos de vento na súa formación, o que achega o seu son ás veces ao das charangas e ao de formacións da caste da Festicultores Troupe. Malia as orixes diversas, o centro neurálxico desta banda é Manzaneda, de onde

proveñen varios dos seus membros: Andrés, gaita, Marcos e Fenoy na batería e percusións, e Davide na guitarra eléctrica, aos que se engaden músicos chegados doutras latitudes, coma os galegos Rubén, trompeta,

Marcos Neira, saxofón, Telú, voz, e máis o polaco Darek no baixo e o alemán Mathias no laúde eléctrico, para remataren de conformar unha banda anoadora no panorama musical do país, que xa ten presentado a súa

maqueta nos escenarios de toda Galiza, e tamén teñen tocado polo Bierzo, Asturias e Castela, amosando a calidade e a forza da música da serra de Queixa.

En definitiva, xente nova e brava, que presentan ao vivo un repertorio baseado case que en exclusiva en composicións de seu, onde fusionan folc, rock, reggae ou ritmos dos

balcáns con moita troula, mestura que, para alén de vir marcada polas procedencias diversas dos membros, non deixa de ser unha homenaxe á música da charanga galega que sempre soubo beber de calquera fonte sempre que o resultado final fose agrazado, permitindo deste xeito facer nosos moitos ritmos foráneos.

Cuchufellos